

Sesión	ORDINARIA
Lugar	Sala de Xuntas
Fecha	17 de outubro de 2025
Hora de inicio	13:30
Hora de fin	13:45

Asistencias Asistente | *Escusa asistencia* | Ausente

		Observacións
<i>Presidente</i>	<i>Abelleira Doldán, Miguel</i>	
<i>Coordinador da titulación</i>	Caridad Graña, Juan Antonio	
<i>Subdirector-Xefe de Estudos</i>	Bermúdez Graño, José Manuel	En ausencia de Miguel Abelleira, preside a reunión.
<i>Secretaria e responsable de calidade</i>	López Salas, Estefanía	
<i>Expresión gráfica</i>	Lizancos Mora, Plácido	
<i>Matemática Aplicada</i>	<i>Cuéllar Cerrillo, Nuria</i>	
<i>Construcións arquitectónicas</i>	Vacante	
<i>Estruturas</i>	Aragón Fitera, Jorge	
<i>Composición</i>	<i>Pérez Sánchez, Yolanda</i>	
<i>Proxectos Arquitectónicos</i>	<i>Rodríguez Blanco, Emilio</i>	
<i>Urbanismo</i>	Rodríguez Álvarez, Jorge	
<i>PTXAS</i>	López-Cortón Díaz, Beatriz	
<i>Alumnado</i>	Vacante	
	Vacante	

Orde do día

1. Aprobación, se procede, de solicitudes de dispensa.

Deliberacións

O subdirector-xefe de estudos, José Manuel Bermúdez Graíño, abre a sesión dando as grazas ás persoas presentes pola súa asistencia e dá paso ao primeiro e único punto da orde do día.

1. Aprobación, se procede, de solicitudes de dispensa.

A secretaria académica, Estefanía López Salas, sinala que a documentación das solicitudes de dispensa académica estivo ao dispor dos membros da Comisión Académica do Grao en Paisaxe no apartado de Arquivos do equipo de Teams correspondente e tamén está sobre a mesa para consulta durante a celebración da reunión.

Os membros da comisión revisan cada unha das solicitudes e, en aplicación do artigo 6 da *Normativa que regula o réxime de dedicación ao estudo e o procedemento de dispensa académica para o estudantado de grao e máster universitario*, aprobada por acordo do Consello de Goberno, do 28 de maio de 2025, acordan aprobar as solicitudes de dispensa que se recollen expresamente nas seguintes táboas:

Apelidos, Nome	Tipo de solicitude	Suposto	Acordo da comisión
Fernández García, Miguel Ángel	Dispensa en Lexislación Aplicada, Xeotecnia y Contención, Proxecto da Paisaxe 6.	6.a [Actividade laboral]	Aprobar a solicitude de dispensa para a súa aplicación na forma na que este réxime de dedicación queda recollido na guía docente de cada materia.
Rodríguez Rodríguez, Alex	Dispensa en Ecoxeografía, Lexislación aplicada, Xeotecnia e Contención, Proxecto da Paisaxe 6, Prácticas Externas e Fauna e Paisaxe.	6.a [Actividade laboral]	Aprobar a solicitude de dispensa para a súa aplicación na forma en que este réxime de dedicación queda recollido na guía docente de cada materia solicitada con excepción de Prácticas Externas, na que a solicitude se denega, en atención ao artigo 12, punto 2.d da normativa previamente referida.

Acordos

- Aprobar a solicitude de dispensa académica presentada por Miguel Ángel Fernández García para a súa aplicación na forma na que este réxime de dedicación queda recollido na guía docente de cada unha das seguintes materias do Grao en Paisaxe: Lexislación Aplicada, Xeotecnia e Contención e Proxecto da Paisaxe 6.
- Aprobar a solicitude de dispensa académica presentada por Alex Rodríguez Rodríguez para a súa aplicación na forma na que este réxime de dedicación queda recollido na guía docente de cada unha das seguintes materias do Grao en Paisaxe: Ecoxeografía, Lexislación aplicada, Xeotecnia e Contención, Proxecto da Paisaxe 6 e Fauna e Paisaxe; e denegar a solicitude de dispensa na materia de Prácticas Externas en cumprimento do artigo 12, punto 2d da *Normativa que regula o réxime de dedicación ao estudo e o procedemento de dispensa académica para o estudantado de grao e máster universitario*, aprobada por acordo do Consello de Goberno, do 28 de maio de 2025.

De todo o cal como secretaria dou fe, co visto bo do presidente.

Anexos

Non hai.

Estefanía López Salas
Secretaria

José Manuel Bermúdez Graño
Presidente
